



PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DE  
ORDENANZA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS DO CONCELLO  
DE PONTEVEDRA.

TRÁMITE: CONSULTA PÚBLICA A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO DE  
PONTEVEDRA PARA RECABAR A OPINIÓN DOS CIDADÁNS E DAS ORGANIZACIÓNS  
REPRESENTATIVAS POTENCIALMENTE AFECTADAS POLA MODIFICACIÓN DO  
REGULAMENTO.



## INTRODUCCIÓN

Os mercados municipais constitúen un servizo público baseado na garantía do abastecemento da poboación, tendo unha relevante función como referentes do comercio, sendo competencia municipal propia, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas de conformidade co artigo 25.2.i) da Lei de Bases de Réxime Local

O regulamento municipal dos Mercados municipais de Abastos do concello de Pontevedra foi aprobado no ano 2003 coa finalidade de establecer normas regulamentarias que permitisen adaptar a normativa xeral ás necesidades e peculiaridades propias dos mercados de abastos do concello e, por outra banda, para regularizar a situación dos distintos concesionarios e ocupantes dos postos.

Dito regulamento foi obxecto de modificación, publicada no BOP nº 78 de 24 de abril de 2017, cuxo fin último e fundamental foi garantir que todos os postos de venda estivesen ocupados e que a súa explotación fose integral, racional e completa.

As modificacións operadas polo concello para o cumprimento da finalidade exposta non se limitaron a modificación do regulamento dos Mercados senón que conxuntamente iniciouse un proxecto de dinamización que conleva realizar unha remodelación da primeira planta do mercado, obras que se atopan neste momento en proceso de licitación e que se van financiar maioritariamente con fondos europeos.

Unha vez remodelada a planta alta do mercado licitaranse os novos postos que se destinarán a actividades vinculadas a innovación gastronómica.

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevé que, con carácter previo a elaboración dos proxectos e anteprojectos de lei ou de regulamento, substanciárase unha consulta pública para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, polo que, no seu cumprimento, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a modificación do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos do concello de Pontevedra.

## PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

Conxuntamente coa última modificación realizada no regulamento dos Mercados iniciouse un proxecto de dinamización do mesmo que conleva realizar unha unha remodelación da primeira planta, estas obras se atopan neste momento en proceso de licitación e se van financiar maioritariamente con fondos europeos.

Unha vez remodelada a planta alta do mercado licitaranse os novos postos que se destinarán a actividades vinculadas a innovación gastronómica.

Coa nova actividade que se vai desenvolver no primeiro andar será necesario garantir unha limpeza continuada dos espazos comúns así como unha limpeza integral da planta, nuns horarios acordes a nova actividade, que non coincidirán cos horarios ordinarios do servizo de limpeza da planta baixa do mercado.

## NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Os novos usos da planta alta esixen novas obrigas para os concesionarios dos postos que a ocupen, a modificación proxectada permitirá engadir dentro das obrigas dos concesionarios deste primeiro andar un





servizo limpeza acorde cos usos que se van desenvolver na mesma polo que se entende que é neste momento, cando inda non están licitados os postos deste primeiro andar, cando procede modificar o regulamento para que os futuros pregos que van regular a adxudicación dos postos poidan recoller esta obriga.

Neste senso, a proposta presentada ten como finalidade principal garantir un servizo de limpeza acorde coa actividade que se vai desenvolver no primeiro andar, limpeza continuada dos espazos comúns e limpeza integral da planta, cuns servizos axeitados as súas novas demandas que garantan unha explotación rendible neste primeiro andar.

A lexislación patrimonial das Administracións Públicas nos permite esixir os novos concesionarios, no condicionado dos pregos, condicións de limpeza do espazo público que van utilizar no desenvolvemento das súas actividades, incluír esta obriga no clausulado dos pregos que rexan a licitación dos postos suporá para as arcas municipais un aforro importante.

### **OBXECTIVOS DA NORMA**

O obxectivo da modificación cuxa aprobación se pretende é garantir un servizo de limpeza acorde coa ocupación do dominio público local nun horario acorde coa actividade que se vai desenvolver.

### **POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS E/OU REGULATORIAS**

A solución alternativa pasaría pola non adaptación do *regulamento municipal dos Mercados municipais de Abastos do concello de Pontevedra* as novas necesidades e proceder a modificación da *ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos e mais pola utilización privativa ou aproveitamento especial nos mercados municipais*, incrementando a taxa de servizo para os postos da planta alta do mercado unha vez feito o correspondente estudo económico o que suporía neste caso a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos pola utilización privativa ou aproveitamento especial nos mercados municipais.

### **PROVIDENCIA DA CONCELLEIRA DA CONCELLEIRA DA ÁREA DE URBANISMO, PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E TURISMO.**

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispoño o inicio formal do procedemento de modificación do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos do concello de Pontevedra e se procede a efectuar a consulta pública nos termos do devandito precepto, con publicación de anuncio no portal web municipal e solicitude de opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, potencialmente afectados pola futura modificación.

